

PROTOCOLO DE ACCESO E USO DA BIBLIOTECA

AFORO E ORGANIZACIÓN DE GRUPOS

- ★ AFORO MÁXIMO: 35 persoas. Prioritario o uso por aulas ou grupos.
- ★ Cada grupo-aula disporá dunha SESIÓN SEMANAL para realizar o préstamo de aula. Prégase facelo nun tempo entre 30-40 minutos para deixar tempo de ventilación entre un grupo e outro.
- ★ A maiores, poderase usar a biblioteca, para a realización doutras actividades por parte das titorías, tendo en conta o horario dispoñible baixo solicitude previa. Haberá un cartel de uso semanal na porta da biblioteca para poderse anotar.

MEDIDAS SANITARIAS

- ★ Desinfectamos as mans con xel hidroalcohólico antes de entrar na biblioteca e tamén ó saír.
- ★ Uso da máscara OBRIGATORIO para o alumnado e o profesorado.
- ★ Gardarase a distancia de seguridade estipulada.
- ★ Para o préstamo de grupos, farase no tempo establecido anteriormente. As ventás estarán abertas o máximo tempo posible, deixando entre grupo e grupo un período de 10-15 minutos de ventilación. Será a mestra titora/mestre titor o encargado de deixar as ventás abertas cando abandone a biblioteca.
- ★ Procuramos só tocar e usar o que sexa necesario.
- ★ Non se compartirá o material. De ter que usar algún común, desinfectarase co pulverizador que hai na mesa e papel desbotable.
- ★ Usamos só as mesas que están dispoñibles. Desinfectarase os postos utilizados co papel e o pulverizador hixiénico.

USO DA BIBLIOTECA E PRÉSTAMOS.

- ★ Cando empregamos un libro ou outro material, deixámolo na caixa do día para a súa corentena. O equipo de biblioteca será quen se encargue de colocar o material no seu sitio.
- ★ Son AS MESTRAS E OS MESTRES os encargadxs de realizar o préstamo unha vez oído o alumnado, que non se pode achegar ós andeis e manipular os libros.
- ★ Non se empregarán os ordenadores, as tablets nin os recursos electrónicos dispoñibles polo momento.
- ★ NON dispoñemos de xogos de préstamo nos recreos pero sí para as AULAS. Cada persoa titora anotarase nunha lista e poderá ter estes xogos na aula durante 2

semanas para o uso do alumnado, tomando as medidas hixiénicas necesarias. Para a volta á biblioteca, a persoa titora deixará o xogo en corentena na súa aula (a lo menos 48 horas) e deixaranse no armario dos xogos de novo, dispoñible para un novo préstamo.

- ★ **Mochilas viaxeiras.** En Infantil, serán as titoras as encargadas de deixar o período de corentena entre alumn@ e alumn@.

No caso das mochilas viaxeiras de Primaria (comezo neste curso 1º e 2º), quedarán tamén nas aulas correspondentes, en corentena, a lo menos 48 horas, deixando o material fóra das mesmas. Serán as titoras as encargadas de xestionar este préstamo: o alumnado anotarase nunha lista para solicitar a mochila temática que lle interese e irase seguindo a orde para o seu préstamo. Levaranse un venres e devolveranse o mércores seguinte.

- ★ **Zona Infantil e 1º ciclo.** O alumnado non debe manipular os libros. Intentarase visitar a biblioteca para non perder a oportunidade de saber como é e como funciona se ben os encontros serán limitados. Cada titora será a encargada de coller libros para a súa aula de xeito puntual ou se prefire facer un préstamo por “aula” dotarase de máis exemplares. Se os libros están nas aulas, deixarase a corentena indicada dun mínimo de 4 horas.

A maiores, teranse libros de “préstamo” na aula para poder levar para a casa.

- ★ **Préstamos polas tardes.** Dadas as restricións coas que contamos, de momento non contemplamos o préstamo que iamos poñer en marcha este curso, tanto de alumnado como das familias. Quedamos a espera de poñelo en marcha no momento en que sexa posible.

FORMACIÓN, ORGANIZACIÓN E OUTRAS NOVIDADES

- ★ Para a formación de usuarios empregaranse ferramentas de tipo dixital (vídeos, presentacións, enlaces, acceso aos recursos, etc.), tanto para o profesorado como para o alumnado.
- ★ Dotaranse as aulas de Primaria dunha “Caixa de libros”, agasallo de Ramoniño (a nosa mascota), para o trimestre e iranse rotando cada trimestre polas tres aulas do nivel (A, B, C ou D no seu caso). Farase a compra de exemplares necesarios, sobre todo dos libros máis solicitados, para que a circulación e dispoñibilidade dos mesmos sexa maior.
- ★ Desde o equipo de Biblioteca, fomentamos o uso da mesma para que o alumnado, dentro das restricións existentes, poida seguir disfrutando e participando na

Biblioteca. Levaranse a cabo actividades de dinamización para procurar a participación xeral.

- ★ O blog e os recursos tecnolóxicos serán ferramentas clave para a comunicación e interacción do alumnado no referente á biblioteca.
- ★ Fomentaranse contacontos, lecturas, semanas temáticas, certames, concursos e actividades literarias tendo en conta as restricións e mantendo as medidas de seguridade, fomentando así mesmo unha aprendizaxe activa e competencial.
- ★ Participación das familias. Durante a corentena produciuse unha boa acollida das actividades online, invitarse a participar en familia en contacontos, recomendacións, exposicións,...